

## 2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

### 2.3. Réxime e goberno interior

#### 2.3.2. Acordos e resolucións dos órganos da Cámara en materia de réxime e goberno interior

#### **Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 5 de marzo de 2019, polo que se aproban as Normas reguladoras da política de seguridade da información do Parlamento de Galicia**

##### Exposición de motivos

As leis 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, do réxime xurídico do sector público, establecen que a tramitación electrónica dos procedementos debe constituír a acción habitual de todas as administracións, tanto na súa relación coa cidadanía como na xestión interna e nos intercambios de información entre diferentes organismos. Tamén salientan o documento, arquivo e ficheiro electrónico, que requiren un profundamento da transformación dixital das administracións públicas, co consecuente aumento da eficiencia e da calidade dos servizos prestados á cidadanía.

Entre os seus obxectivos tamén está a creación de condicións de confianza no uso dos medios electrónicos. Establecen as medidas necesarias para a preservación da integridade dos dereitos fundamentais, especialmente aqueles relacionados coa privacidade e protección de datos persoais, garantindo a seguridade dos sistemas electrónicos, datos, comunicacións e servizos.

Estes obxectivos foron desenvolvidos polo Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade (en adiante, ENS) no ámbito da administración electrónica. Así mesmo, a información procesada nos sistemas electrónicos a que se refire o ENS estará protexida tendo en conta os criterios establecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. O ENS, pola súa banda, establece o marco regulador da política de seguridade da información, que está incorporado nun documento, accesible e comprensible para todos os membros, que define o que significa a seguridade da información nunha determinada organización e que regula o xeito en que unha organización xestiona e protexe información e servizos críticos. A política de seguridade debe xerarse de acordo cos requisitos do ENS, que establece que todos os órganos superiores das administracións públicas deben ter oficialmente unha política de seguridade da información aprobada polo órgano superior competente.

Tendo en conta o anterior, a Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do 5 de marzo de 2019 e ao abeiro do establecido nos artigos 3.2.c) e 17 do Regulamento de organización e funcionamento da administración do Parlamento de Galicia (DOG núm. 87, do 7 de maio de 2018), dispón:

### CAPÍTULO I

#### **Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia**

##### Artigo 1. *Obxecto*

1. A finalidade destas normas é a aprobación da política de seguridade da información (en adiante, PSI) e o establecemento dun marco organizativo e tecnolóxico para iso.



2. A seguridade entenderase composta por un proceso integral que consiste en todos os elementos técnicos, humanos, materiais e organizativos relacionados cos sistemas de información, excluindo calquera tipo de accións específicas ou tratamento a curto prazo.

3. Debe ser coñecida e cumprida por todas as persoas usuarias dos sistemas de información do Parlamento de Galicia, con independencia da posición, cargo e responsabilidade dentro del.

4. O Parlamento de Galicia depende dos sistemas TIC (tecnoloxías de información e comunicacións) para alcanzar os seus obxectivos. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar a dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticidade e rastrexabilidade da información tratada ou dos servizos prestados.

5. O obxectivo da seguridade da información é garantir a calidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

6. Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións do contorno para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade exixidas polo ENS, así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades obxecto de informe e mais preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

7. Os diferentes departamentos deben asegurarse de que a seguridade TIC é unha parte integral de cada etapa do ciclo de vida do sistema, desde a súa concepción ata a súa retirada de servizo, pasando polas decisións de desenvolvemento ou adquisición e as actividades de explotación. Os requisitos de seguridade e as necesidades de financiamento deben ser identificados e incluídos na planificación, na solicitude de ofertas e nos pregos de licitación para proxectos de TIC.

8. Os departamentos deben estar preparados para previr, detectar, reaccionar e recuperarse de incidentes, de acordo ao artigo 7 do ENS.

## Artigo 2. *Principios do sistema de seguridade*

### A) Prevención

1. Os departamentos deben evitar, ou polo menos previr na medida do posible, que a información ou os servizos se vexan prexudicados por incidentes de seguridade. Para iso, os departamentos deben implementar as medidas mínimas de seguridade determinadas polo ENS, así como calquera control adicional identificado a través dunha avaliación de ameazas e riscos. Estes controis, e os roles e responsabilidades de seguridade de todo o persoal, deben estar claramente definidos e documentados.

2. Para garantir o cumprimento da política, os departamentos deben:



- a) Autorizar os sistemas antes de entrar en operación.
- b) Avaliar regularmente a seguridade, incluíndo avaliacións dos cambios de configuración realizados de forma rutineira.
- c) Solicitar a revisión periódica por parte de terceiros co fin de obter unha avaliación independente.

#### B) Detección

1. Dado que os servizos se poden degradar rapidamente debido a incidentes, que van desde unha simple desaceleración ata a súa detención, os servizos deben monitorizar a operación de maneira continua para detectar anomalías nos niveis de prestación dos servizos e actuar en consecuencia segundo o establecido no artigo 9 do ENS.

2. A monitorización é especialmente relevante cando se establecen liñas de defensa de acordo co artigo 8 do ENS. Estableceranse mecanismos de detección, análise e informe que cheguen ás persoas responsables regularmente e cando se produce unha desviación significativa dos parámetros que se preestablecesen como normais.

#### C) Resposta

Os departamentos deben:

- a) Establecer mecanismos para responder eficazmente aos incidentes de seguridade.
- b) Designar un punto de contacto para as comunicacións con respecto a incidentes detectados noutros departamentos ou noutros organismos.
- c) Establecer protocolos para o intercambio de información relacionada co incidente. Isto inclúe comunicacións, en ambos os sentidos, cos equipos de resposta a emerxencias (CERT).

#### D) Recuperación

Para garantir a dispoñibilidade dos servizos, dispoñeranse os medios e as técnicas necesarios que garantan a recuperación dos servizos máis críticos.

### Artigo 3. *Alcance*

Esta política aplícase a todos os sistemas TIC do Parlamento de Galicia e a todas as persoas usuarias dos sistemas da información da institución, sen excepcións.

### Artigo 4. *Misión*

O Parlamento de Galicia, como soporte dos principios de seguridade da información establecidos segundo o ENS, ofrece os seguintes obxectivos de partida:



- a) Fomentar a relación electrónica da cidadanía co Parlamento de Galicia.
- b) Reducir os tempos de espera de atención ao cidadán ou cidadá.
- c) Acurtar os tempos de espera na resolución de trámites solicitados polo cidadán ou cidadá.
- d) Mellorar o uso interno dos sistemas de información do Parlamento de Galicia.
- e) Desenvolver un sistema de xestión de información documental que facilite un rápido acceso do persoal do Parlamento de Galicia á información solicitada pola cidadanía, garantindo a seguridade da información en canto á súa integridade, confidencialidade, autenticidade, rastrexabilidade e dispoñibilidade.
- f) Cumprir cos requisitos exixidos pola normativa nacional de protección de datos de carácter persoal e de impulso das administracións públicas.
- g) Manter, operar e evolucionar un sistema de xestión da seguridade.

#### Artigo 5. *Marco normativo*

Esta política enmárcase na seguinte lexislación aplicable, sen prexuízo da aplicación da lexislación autonómica que corresponda e da normativa propia do Parlamento de Galicia:

— Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica.

— Real decreto 951/2015, do 23 de outubro, de modificación do Real decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica.

— Resolución do 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución técnica de seguridade de conformidade co Esquema nacional de seguridade.

— Resolución do 7 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución técnica de seguridade de informe do estado da seguridade.

— Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos.

— Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

— Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico.

— Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.



- Real decreto 1671/2009, do 6 de novembro, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.
- Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público.
- Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.
- Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual.
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- Real decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula o documento nacional de identidade e os seus certificados de sinatura electrónica.
- Lei 56/2007, de 28 de decembro, de medidas de impulso da sociedade da información.
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

## CAPÍTULO II

### Organización da seguridade

#### Artigo 6. *Comité Coordinador de Seguridade TIC*

1. O Comité Coordinador de Seguridade TIC é o máximo responsable de seguridade da información e servizos. Este comité terá a seguinte composición:

- a) A persoa responsable da información de administración electrónica.



- b) A persoa responsable do Servizo de Tecnoloxías da Información.
- c) As persoas responsables dos servizos electrónicos.
- d) A persoa responsable do Servizo de Persoal e Réxime Interior.
- e) A persoa responsable de seguridade da información.
- f) A persoa delegada de protección de datos.

2. O secretario do Comité de Seguridade TIC será a persoa responsable do Servizo de Tecnoloxías da Información, que se encargará de convocar as reunións do Comité e levantar acta delas.

3. O Comité de Seguridade TIC informará a Mesa do Parlamento de Galicia e, segundo o indicado no Real decreto 3/2010, terá as seguintes funcións:

- a) Coordinar e aprobar as accións en materia de seguridade da información, o que inclúe, polo menos, unha revisión anual da política de seguridade.
- b) Impulsar a cultura en seguridade da información e garantir a divulgación da política e normativa de seguridade da organización.
- c) Participar na categorización dos sistemas e na análise de riscos.
- d) Revisar a documentación relacionada coa seguridade da información.
- e) Resolver discrepancias e problemas que poidan xurdir na xestión da seguridade.
- f) Desenvolver o procedemento de designación de roles.

#### Artigo 7. Roles: funcións e responsabilidades

A) A persoa responsable da información

As súas funcións serán as seguintes:

- a) Establecer os requisitos da información en materia de seguridade.
- b) Identificar, avaliar e aprobar a información dos cidadáns e cidadás, ou doutras administracións públicas, que sexa tratada polo PG.
- c) Ter en conta o estado de seguridade da información tratada.
- d) Comunicar ao goberno da organización a necesidade de suspender un servizo por aquelas violacións de seguridade que afecten a información tratada.



e) Traballar en colaboración coa persoa responsable de seguridade e a persoa responsable de sistemas no mantemento dos sistemas catalogados segundo o anexo I do ENS.

B) As persoas responsables dos servizos

As súas funcións son as seguintes:

a) Establecer os requisitos dos servizos TI en materia de seguridade.

b) Identificar, avaliar e aprobar os servizos tecnolóxicos prestados polo Parlamento de Galicia á cidadanía ou a outras administracións públicas.

c) Ter en conta o estado de seguridade dos servizos prestados.

d) Comunicar ao goberno da organización a necesidade de suspender un servizo por aquelas violacións de seguridade que afecten o propio servizo.

e) Traballar en colaboración coa persoa responsable de seguridade e as persoas responsables de sistemas no mantemento dos sistemas catalogados segundo o anexo I do ENS.

C) A persoa responsable de seguridade da información

As súas funcións serán as seguintes:

a) Aconsellar as persoas responsables correspondentes, na identificación da información e os servizos, así como na avaliación dos niveis de seguridade necesarios para a información e o servizo.

b) Realizar a categorización do sistema no Parlamento de Galicia.

c) Elaborar a política de seguridade.

d) Realizar análises de risco dos sistemas de información segundo determinan as normas de seguridade anexas ao ENS.

e) Elaborar o documento de aplicabilidade do ENS.

f) Establecer as medidas de seguridade de acordo co nivel de seguridade resultante.

g) Elaborar os documentos cos procedementos operativos de xestión da seguridade, así como a normativa de uso dos medios, que será aprobada pola dirección.

h) Revisar a posta en marcha dos procedementos de xestión de seguridade, así como a súa avaliación no transcurso do ciclo de vida dos sistemas de información.

i) Elaborar os plans de mellora da seguridade.



D) A persoa responsable do sistema TI

As súas funcións, dentro das súas áreas de actuación, son as seguintes:

a) Implantar as medidas de seguridade de carácter técnico que estipulase como necesarias a persoa responsable de seguridade.

b) Implantar os plans de continuidade do servizo, asesorada pola persoa responsable de seguridade.

c) Xestionar, configurar e actualizar, segundo corresponda, o hardware e o software no que se basean os mecanismos e servizos de seguridade do sistema de información.

d) Xestionar as autorizacións concedidas ás persoas usuarias do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluído o control de que a actividade desenvolvida no sistema cumpre co que está autorizado.

e) Aplicar os procedementos operativos de seguridade.

f) Aprobar os cambios na configuración actual do sistema de información.

g) Asegurarse de que se cumpran os controis de seguridade establecidos estritamente.

h) Asegurarse de que se aplican os procedementos aprobados para xestionar o sistema de información.

i) Supervisar as instalacións de hardware e software e as súas modificacións e melloras para asegurar que a seguridade non sexa comprometida e que en todo momento cumpren coas autorizacións relevantes.

j) Monitorizar o estado de seguridade do sistema, sempre polas ferramentas e mecanismos de xestión de eventos de seguridade e auditorías técnicas que se implementaron.

E) A persoa delegada de protección de datos

As súas funcións son as seguintes:

a) Informar e asesorar a persoa responsable ou a encargada do tratamento e o persoal que se ocupe do tratamento das obrigas que lles incumben en virtude do RXPD e doutras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros.

b) Supervisar o cumprimento do disposto no Regulamento ou outras disposicións de protección de datos da Unión ou dos Estados membros e das políticas da persoa responsable ou da encargada do tratamento en materia de protección de datos persoais.

c) Ofrecer o asesoramento que se lle solicite acerca da avaliación de impacto relativa á protección de datos e supervisar a súa aplicación.





d) Cooperar coa autoridade de control.

e) Actuar como punto de contacto coa autoridade de control para cuestións relativas ao tratamento.

#### Artigo 8. *Resolución de conflitos*

No caso de conflito entre as diferentes partes, este será resolto polo superior xerárquico delas. Na ausencia do anterior, prevalecerá a decisión da persoa responsable de seguridade.

A persoa delegada de protección de datos informará directamente a Mesa do Parlamento de Galicia.

#### Artigo 9. *Procedementos de designación*

A designación para os distintos roles detállase a seguir:

a) A persoa titular de Oficialía Maior terá o rol de responsable da información do PG.

b) A persoa titular do Servizo de Persoal e Réxime Interior terá o rol de responsable dos servizos do Parlamento de Galicia.

c) A persoa titular do Servizo de Tecnoloxías da Información terá o rol de responsable de seguridade da información.

d) A persoa responsable dos sistemas TI será nomeada polo letrado oficial maior do Parlamento de Galicia por proposta do Comité Coordinador de Seguridade TIC.

e) Os nomeamentos serán revisados cada dous anos ou cando un dos postos quede vacante.

#### Artigo 10. *Obrigas do persoal*

1. Todas as persoas usuarias dos sistemas da información do Parlamento de Galicia teñen a obriga de coñecer e cumprir esta política de seguridade da información e a normativa de seguridade, sendo responsabilidade do Comité de Seguridade TIC dispoñer os medios necesarios para que a información chegue ás persoas afectadas. Estas obrigas mantéñense tanto no período durante o cal se ocupa un posto como posteriormente, no caso de rescisión da cesión ou traslado a outro emprego.

2. Establecerase un programa de concienciación continua para atender todas as persoas usuarias dos sistemas da información do Parlamento de Galicia, en particular as de nova incorporación.

3. As persoas con responsabilidade no uso, operación ou administración de sistemas TIC recibirán formación para o manexo seguro dos sistemas na medida en que a necesiten para realizaren o seu traballo. A formación será obrigatoria antes de asumir unha responsabilidade, tanto se é a súa primeira asignación como se se trata dun cambio de posto de traballo ou de responsabilidades neste.



4. O manifesto incumprimento da política de seguridade da información ou da normativa e os procedementos derivados delas pode levar consigo o inicio de medidas disciplinarias adecuadas e, se é o caso, outras medidas legais aplicables.

#### Artigo 11. *Política de seguridade da información*

Será misión do Comité Coordinador de Seguridade TIC a revisión anual desta política de seguridade da información e a proposta de revisión ou mantemento dela. A política será aprobada pola Mesa do Parlamento de Galicia e difundida para que a coñezan todas as partes afectadas.

#### Artigo 12. *Normativa e procedementos de seguridade da información*

Será misión do Comité Coordinador de Seguridade TIC a revisión e o mantemento das Normas técnicas de seguridade e procedementos técnicos de seguridade da información, que serán aprobadas polo propio Comité Coordinador de Seguridade TIC e difundidas para que as coñezan todas as partes afectadas.

#### Artigo 13. *Cualificación da documentación*

Para facilitar o nivel de privacidade dos documentos do propio sistema de xestión da seguridade (política, normativa...), establécense catro niveis de privacidade:

a) Pública: información que se pode difundir libremente dentro e fóra do organismo e cuxa divulgación non afecta a institución en termos de perda de imaxe e/ou económica.

b) Interna: información que, sen ser confidencial nin restrinxida, debe manterse no ámbito interno do organismo e non debe estar dispoñible externamente, non sendo para terceiras partes involucradas, logo do compromiso de confidencialidade e coñecemento da persoa propietaria dela.

c) Restrxinxida: información sensible interna a áreas ou proxectos a que debe ter acceso controlado un grupo reducido de persoas e non toda a organización.

d) Confidencial: información de alta sensibilidade que debe ser protexida pola súa relevancia sobre decisións estratéxicas, impacto financeiro, oportunidades de negocio, potencial de fraude ou requisitos legais.

2. Calquera información non clasificada será tratada por defecto como interna, polo que a súa divulgación deberá estar autorizada pola persoa propietaria.

3. Para a súa etiquetaxe, designarase un código na cabeceira do documento para identificar o nivel de exposición: Ref.PUB = pública, Ref.INT = interna, Ref.RES = reservada e Ref.CONF = confidencial.



### CAPÍTULO III

#### Protección de datos, formación e xestión

##### Artigo 14. *Datos de carácter persoal*

1. O Parlamento de Galicia trata datos de carácter persoal. O Rexistro de Actividades de Tratamento recolle os ficheiros afectados e as persoas responsables correspondentes, e estará accesible a través da internet no enderezo [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es), baixo a epígrafe de «Protección de datos».

2. Todos os sistemas de información do Parlamento de Galicia se axustarán aos niveis de seguridade requiridos pola normativa para a natureza e finalidade dos datos de carácter persoal recollidos no Rexistro de Actividades de Tratamento, conforme o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

3. A obriga de confidencialidade respecto dos datos de carácter persoal mantense tanto no período durante o que se realiza o traballo como posteriormente, no caso de rescisión da asignación ou traslado a outro posto de traballo.

##### Artigo 15. *Xestión de riscos*

1. Todos os sistemas suxeitos a esta política deberán realizar unha análise de riscos, avaliando as ameazas e os riscos a que están expostos. Esta análise repetirase:

- a) Regularmente, polo menos unha vez ao ano.
- b) Cando cambie a información manexada.
- c) Cando cambien os servizos prestados.
- d) Cando ocorra un incidente grave de seguridade.
- e) Cando se informe de vulnerabilidades graves.

2. A persoa responsable de seguridade establecerá unha valoración de referencia para os diferentes tipos de información manexados e os diferentes servizos prestados, que elaborará conxuntamente coa persoa responsable do sistema TI e as persoas administradoras da seguridade (sistemas e comunicación) e comunicará ao Comité Coordinador de Seguridade TIC.

3. O Comité Coordinador de Seguridade TIC dinamizará a dispoñibilidade de recursos para atender as necesidades de seguridade dos diferentes sistemas, promovendo investimentos de carácter horizontal.

##### Artigo 16. *Desenvolvemento da política de seguridade da información*

1. Esta política desenvolverase por medio de normativa de seguridade que afronte aspectos específicos. A normativa de seguridade estará á disposición de todas as persoas usuarias dos sistemas



da información da institución que necesiten coñecela, en particular para aquelas que utilicen, operen ou administren os sistemas de información e comunicacións.

2. A normativa de seguridade estará dispoñible na intranet do Parlamento de Galicia (<http://intranet>) e impresa nas dependencias do Servizo de Tecnoloxías da Información.

#### Artigo 17. *Terceiras partes*

1. Cando o Parlamento de Galicia preste servizos a outros organismos ou manexe información doutros organismos, faraos partícipes desta política de seguridade da información e establecerá canles para informe e coordinación dos respectivos comités de seguridade TIC e procedementos de actuación para a reacción ante incidentes de seguridade.

2. Cando o Parlamento de Galicia utilice servizos de terceiros ou ceda información a terceiros, faraos partícipes desta política de seguridade e da normativa de seguridade que incumba aos devanditos servizos ou información. A dita terceira parte quedará suxeita ás obrigas establecidas na devandita normativa, e poderá desenvolver os seus propios procedementos operativos para satisfacela. Estableceranse procedementos específicos de informe e resolución de incidencias.

3. Garantirase que o persoal de terceiros está adecuadamente concienciado en materia de seguridade, polo menos ao mesmo nivel que o establecido nesta política.

4. Cando algún aspecto da política non poida ser satisfeito por unha terceira parte segundo se require nos parágrafos anteriores, requirirase un informe da persoa responsable de seguridade que precise os riscos en que se incorre e a forma de tratalos. Será requirida a aprobación deste informe polas persoas responsables da información e os servizos afectados antes de seguir adiante.

5. Cooperación entre organismos e outras administracións públicas: para efectos de intercambiar experiencias e obter asesoramento para a mellora das prácticas e controis de seguridade, o Parlamento de Galicia poderá manter contactos periódicos con organismos ou entidades especializadas en temas de seguridade, como poden ser o Incibe, o CCN e outros.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

Esta disposición administrativa deixa sen efecto calquera acordo ou norma en materia de política de seguridade adoptada pola Mesa do Parlamento de Galicia, nomeadamente o Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 13 de decembro de 2017, polo que se regula a política de seguridade da información do Parlamento de Galicia (BOPG núm. 228, do 18 de decembro de 2017).

#### Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta disposición administrativa entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

